

Ánxel Fole

TERRA BRAVA



literaria

galaxia

TERRA BRAVA

Esta versión parte da 4ª edición impresa en 1997

1ª edición, 1955
1ª edición dixital, 2009

© Herdeiros de Ánxel Fole, 2009

© EDITORIAL GALAXIA, S. A. 2009
Avenida de Madrid, 44, baixo - 36204 Vigo
www.editorialgalaxia.com

ISBN: 978-84-9865-994-8

Ilustración da capa
Fra Angélico: *Xuízo final* (fragmento)

Maqueta da colección e
deseño da cuberta
MANUEL JANEIRO

Ánxel Fole

TERRA BRAVA



LIMIAR

DISCULPA POR GALICIA

A GALICIA ENTRAMPADA

Di o entendido: —Non vos trabuquedes.

Di o durminte: —Non teñamos ilusiós.

E os dous, arreo: —Hai que se desengañare: Galicia é pouca cousa, cáseque nada. Un anaco de terra con encaixe. O mar lambéndolle as beiras. E ren máis. Engadide, se acaso, algunha serra pecha. E abonda.

Sobor dise leirón os homes traballan. Tudos falan galego de seu. Pro son os de abaixo. Os de enriba non o falan. Ou fálano pouco e con reparo. Reparo á "fineza", reparo ós modos elegantes, reparo a desmerecer. Endemais, hainos que teñen noxo da língoa materna. Hainos que teñen sabencias moi sabias. Sabencias de sabiduría, sabencias de "saber" que o idioma da terra esmorece, mirra, vaise, acábase. Sabencias de saber que leva centos de anos a murcharse e aínda —¡que sabencia máis prodixiosa!— aínda está aí. E como a Cencia é sempre amerceadora, queren arrimar o lombo i enterralo dunha ves. Tamén os hai cosmopolitas. E hainos estetas. E hainos listos e avisados. E hainos ¡ouh, requinte decadente!, hainos tan vellos e tan cansos que xa están de volta dos problemas. ¿A língoa? Rematou, finou, fuxiu.

Namentras, Galicia dáse. No vran é unha. No inverno é outra. Se xía, vense pinos aterecidos que marcan o seu dibuxo xaponés contra o abrente grisallo. Se vai calor, as cerdeiras apresentan múltiples sorrisos escondidos e no campo os carros de bois son como dornas sosegadas.

Namentras, os homes labouran e o que fan non lles loce. De día, os labregos baixan o lombo na terra. De noite, os mariñeiros, cara ó mar, baixan o lombo nas redes. Por iso en Galicia —¡que cousa, eh, que cousa!— en Galicia pódese afirmar que hai sempre dous turnos de traballo.

Acontecen disgracias. Entón tudos nos laiamos. ¡Que ben nos laiamos os galegos! Tan ben, e con tanto costume, que finalmente, parecemos uns virtuosos do salouco. E xa é cousa de asombro irónico e impacente, ver chorar un dos nosos.

Somos eisaxerdos, berradores e tristeiros.

Ás vegadas, poucas, estamos ledos. Cando estamos ledos parez que comprimos unha obriga. Son as horas de beber, e beber, e beber. Son os intres do xantar inmenso, da esmorga con eterno retorno, en que ficamos a estoupar, lentamente aglaiados, nunha somnolenta mistura de homes pándigos, rapaces bazunchos e vellos conchos. Son as xornadas das romarías, das festas e dos lilailos, cando o corpo requece, e purran as cantigas, e veñen os aturuxos e, con eles, a carraxe e o desespero de se facere os fortes. Eisí, sen incomodar a ninguén, divertímonos. As mulleres, escuramente ledas da ledicia dos homes, tamén botan a súa troulada e, de ves en ves, por respeto, arranxan, como nun rito, o pano da cabeza. Cando a compaña de uns e outros é abondo, e fai sol, e sona a gaita, e non hai cousa mellor pra ver —¡como gozan o durminte i o entendido!—, entón resultamos un espeitáculo pintoresco. Porque eso sí, Galicia ser é moi "pintoresca". Imos deiquí para alí e chamamos a atención. E por si fora pouco, somos capaces de decir frases con picardía, chiscar o ollo, torcer o bico, e calar a tempo. Somos o demo.

Parez que temos a chola ateigada de vaidade: creaturas de esceición. E, nembargantes, tamén consta que semellamos homildosos e de moito servicio.

—Os galegos son os homes máis listos do mundo.

—Sí, señor, sí.

—Os galegos son unhas bestas de reata.

—Sí, señor, sí.

Isto, chámase raposería, malicia. E, según din, non hai quen a entenda.

A raposería fai felices ós durmintes e ós entendidos, porque é un modo de trunfo sen loita. Ou de trunfo imaxinario que sirve pra enriquecer o tesouro das pantasmas, da brétema e, o que é pior, dos futuros. As rúas galegas, e os cafés, e os casinos, e as tribunas, están recheas das victorias da retranca. Pepiño di de Antón que é un sabio. Logo resulta que Antón é un burro. Deseguida Pepiño retruca que Antón é un sabio e, ó tempo que o afirma, xoga os ollos con bulra. Xa está. Cousas dos galegos. O púbrico ri as pacencias, Antón tamén ri, sin se decatar ben de qué, e tudos imos tirando. O entendido e mailo durminte están contentes porque, dise xeito, sobran a cultura, o rigor, a eisixencia e o estudo. Ca malicia, abonda.

¿E Galicia? Galicia para os "informados", para os "serios e sempre desdeñosos" é un labrego listo e retranqueiro. Galicia para os "homes de sensibilidade e sentimento" é o son lonxano de un coro enxebre que turra polas bágoas a eito. Velaí.

A GALICIA CONTEMPRADA

Pro semella, e que non se ofenda ninguén, que hai outra Galicia. Está aí, a carón de nós, lado con lado de tudos. Con limpar os ollos, xa aparece. O que pasa é que pra limpar os ollos cómpre limpar denantes o curazón e a cabeza. O pirmeiro é vela co peito aberto, ollala, contemprala, fitar pra ela. Poñerse frente por frente da realidade tal e como é: creaturas e Natureza ás reviravoltas, ben peneiradas, amostrándose, puxando, arredándose, facendo con disimulo, caladiñas, en aceno perpétuo —¿de que, de quen?—, sempre agromadoras, inda que, en ocasiós, pareza que volven as costas e andan lonxanas. O que pasa é que sobra sere entendido ou sere durminte. Sobra sere sabio de sabencias reviradas ou lírico de lirismos calculados. Sobran a vaidade, o servilismo, a malicia e a doblez. Sobra calisquera cousa que non seña isto: comtemplación. Ca ialma boiante de preconceitos non se ve ren. I, endemais, non facemos a consideración necesaria ó que sendo vida que non é a nosa, lle apresentamos como superficie de contaito, en lugar dunha

persoa, un xuício, i en ves dun home, unha resoancia. Non hai que ire a ver isto ou o outro. Hai que ire a ver o que se ve. Por iso en Galicia, pra ver, o primeiro é borrar.

A aventura hestórica e humán da nosa terra non é cousa de aparencia, cousa formal, senón cousa de vida, cousa entranábel, que toca no fondo, no miolo dos estratos máis encovados. E agora caise na conta de que os pobos soio cobran senso e valor cando se miran dende unha outura que os abrangue na súa totalidade. Cecais un dos grandes pecados do noso tempo seña, no orden espritoal, a operación da intelixencia pola que se escamotea, ou finxe iñorarse, a forza real da intuición, direita e totalizadora, como forma doada do coñecemento e no seu posto afírmase, con validez ausoluta, o "análisis" dende o que se salta facilmente ós clichés, ós esquemas, ou como di Solms, ós eslabóns da cadea que non son a cadea mesma.

De aí que si nos quedamos nas espricaciós a medias, como fan os entendidos, amputamos parvamente a esgrevia materia da Galicia profunda. De aí que si paramos en tantas e tantas mágoas finxidas —iso fano os durmintes i esquisitos—, en tantas e tantas elexías non sentidas e sempre escritas e sempre repetidas, daquela morreremos entrampados en sentimentales lagoas de molde patético e sustancia conceitual. Dito doutro xeito: non se pode chorar por programa, porque entón as bágoas levan en si o recendo acedo do inteleito e non a quentura garimosa do sangue latexante. O pranto como método da lóxica é unha indecencia. E si nesa indecencia colabora a nosa língoa, entón a indecencia dóbrase de estupidez. Porque se abaixa un vehículo nobre e sagro a triste oficio vergonzante de terceiría.

Os pobos non hai que os esquematizar. Hai que cachealos, pescudarlles as entranas e poñelas de cara á lus con decisión e audacia conscentes. Galicia, país de sensitivos, pode revirarse en país de calculadores da sensibilidade. E naturalmente que si logo o idioma "non convén", nada máis doado que apricarlle un siloxismo —a obra dos entendidos— i esquecerse da súa faciana venerábel. I entón, ¡canto bo motivo para os laios de sempre! Uns pasos vagariños nisa direición i esborramos co cambio enfermizo

da maneira coleitiva. Pois non olvidemos que as culturas tamén enferman e, ás vegadas, moi traxicamente, con regresiós patolóxicas estremecedoras. Nada hai pior que representar e non ser. Nada hai pior que chegar ó remate da xornada, liviáns do traballo e cansos do esforzo da comedia. E a máis tremenda fidelidade dos entendidos e dos durmintes é a fidelidade finchada e teimosa, enérxica e con degoiro, á propia, voluntaria caricatura. Nada hai pior que volverse tolos por interés. Werner Wagner, bo médico e bo psicólogo, comenza a falar de Psicopatoloxía cultural. Non fagamos de Galicia, nise camiño, un monicreque irresponsábel, pra rir e pra chorar.

A nosa terra, sempre san e forte, é unha estructura nidia, trasparente, cristaíña. Tudo o asunto está en seguirlle o son, en andar no seu vieiro montesío. Que vén marcado polo pobo. Nós temos de adeprender na xente de abaixo, non porque seña máis ou menos diferente, escitadora ou orixinal, senón porque ela é a depositaria, cáseque escrusiva, do segredo do sangue e do destiño. Ela é a corda antiga e poderosa que cingue a Natureza ó comprexo da coleitividade. Ela incorpora os piñeiraes, as serras, as fragas e as rías ó trabado da hestoria. E mesmo por iso, fóra das cencias e das téinicas, fai a cultura. A compaña dos labregos e dos mariñeiros ca paisaxe, en misteriosa irmandade, empuxa o frorecer, sen bruído, da persoalidade. Galicia é unha unidade orgánica de vida e cultura. ¿Quen pode, pois, afondar nise conxunto i evitar, de paso, mergullarse nele? Xustamente, valaí a comtempración, *a radical* contempración *que equivale, no seu senso totalizador, asimilativo i* esencial, á comprensión. *Despois, a* posteriori, *ten de vir o* entendemento, *a* formulación inteleitiva, *quer decir, a obra da intelixencia que acrara e analiza, pro que, de paso, afasta e repara. Ou a obra da sensibilidade creadora. O mergullamento no pobo e na Natureza —os dous pulsos da nosa terra— dá a comprensión direita. A espresión artística e a diseición racional dan a forma disa comprensión. Pirmeiro, sere poseídos polo esprito da caste. Despois, buscarlle a cara. Ou seña, non confundir os conceitos e os sentimentos ca realidade sobor da cal aitúan; que é decote an-*

terior e infindamente máis ricaz. Non usemos máscaras, nin pra ben, nin pra mal. Hai que sere ben guiados e camiñar na traieitoria que aí está, a rentes de nós —Galicia sempre a se entregare—, ofrecida, ó longo dos séculos, como unha antiga promesa iñorada.

A HOMILDADE DE ESCRIBIR

Xa se sabe que buscar a cara, mirar, simpresmente mirar, é difícil. E moito máis difícil resulta aínda describir o que se ve. Describilo con amor, con contaito de vida e vida e, ó mesmo tempo, con trasposición literaria. Unha das causas do noso escuro desacougo, unha das causas da nosa visión toldada de homes galegos con pouco norte é, sin dúbida, o cativo rigor na esteriorización das ideas e dos feitos. O pouco casorio entre o que pretendemos espresar e a espresión mesma. Perante a realidade-problema temos un pulo inicial, penosamente aturábel, a esborrar, rachetar, desfacer. ¿Como? Cobrindo e tapando o que se ve co aspro mantelo das verbas e as psicoloxías que non lles cadran. Por algo se fai a louvanza dos bos literatos afirmando que traducen *moi ben tales ou cales estados de ánimo, tales ou cales vivencias da intimidade, ou do seu tempo. O escritor, si o é de veras, di sinxelamente o que ten que decir, inda que a sinxeleza vaia, moitas veces, envolta na ampla curva xenerosa da metáfora compricada. O que non pode é* sustituír. *Cando Rosalía escribe: "Teño medo dunha cousa que vive e que non se ve" di o que ten que decir e acerta a concretar, na frase disparada, a vaga anguria acugulante da súa ialma.*

Buscar a tradución na nódoa oculta dos aconteceres. Chover é unha cousa. A chuvia maina é outra. A raza é unha cousa —e ben embarullada, por certo—. Sere galego, ben galego, galego de costas e de lado, é outra. A nosa posibilidade de tradución *está no noso idioma. E, por tanto, no idioma está a nosa fidelidade. Con ela, aparexada, vai a nosa curtesía. Cando se despreza a língoa, amíngoase e túrbase a visión persoal. I entón*

a persoalidade, pra se vingare, vira as costas i esvaece. Por iso, si ver é poñer unha vida núa a rentes doutra vida núa, i escribir é apresentar en verbas renacidas ise contaito tremecente, cómpre, pirmeiro, que o que vexa o escritor corresponda a formas esenciaes da vida do seu pobo e, segundo, que o refrexo ós demais do visto, ouvido i esperimentado fágase a poder dunha lingoaxe que xa, con anterioridade, alumbrou a vida. Unha linguaxe que, de por si, é a versión, en voces comunicativas, do drama do pobo, unha lingoaxe que naceu levando no seu corozo a sustancia do drama. Unha lingoaxe que non se pode suprimir porque daquela suprimimos o drama mesmo. Pois trátase dunha lingua auténtica. Por auténtica é espresiva. Por espresiva é popular e refinada a un tempo.

Escribir, pois, é seguir, a través do idioma, a pauta escondida que fai ecoar, nos outros, as patéticas cordas imprevisíbeles da sensibilidade e da intelixencia. O grande escritor é como unha ollada lumiosa a dar avante por singladuras descoñecidas. A necesidade de escribir ten ise senso e isa servidume, isa derradeira e outa servidume. Di Alain: "Il faut décrire le monde tel qu'il est, sans oublier, certes, la nécessité invisible". Purrado por forzas estranas, cas pupilas acesas, alá vai o artista no seguimento do camiño que ele elexiu e non trazou. Velaí a groriosa homildade do escritor, a súa esgrevia resiñación creadora. *Sin ela, sin isa cousa sofrega que é sempre a necesidade, non hai estilo de vida e de cultura i entón o fenómeno literario tórnase proceso gratuíto, puro xogo, máis ou menos pillo, de talentos e gracias formales.*

OS SEGREDOS DE ÁNXEL FOLE

Veñamos, agora, a iste libro de Ánxel Fole.

Eiquí temos un fato de contos con alporizo. Nuns, o arrepío é súpeto como un lóstrego zorregante no sosego morno de solpor aldeán. Noutros é lene, previsto e desexado, como a lus do mencer. En tudos anda por baixo do sorriso irónico dos labregos e a

chiscada inocente dos picariños. Tudos son sucedos ditos por un neno con enrugas de vello.

O trasmundo que se mete, solermiño e continuo, na nosa realidade. A sombra do tempo que se adiante ó tempo mesmo i o encobre. A conversa co alén, na que as verbas manan de vagar, entre amigos arredor da mesa ben fornecida, mentras nos muros os vellos cadros familiares albean como aparecidos e fóra óuvense voces lurpias que veñen das congostras con neve e negrura. Aquele minuto que foi como un salaio e durou unha eternidade. O tempo que perde enerxía i esmorece no paso cronolóxico pra revivire e lumbrigar no conchego buligante do curazón. As bulras dos rapaces ca farturenta imaxinación engaioladora. Os medos dos maiores. O pulo teorizante do home de carreira. Os clans de enormaes cas súas pasiós remansadas e ponzoñentas. Os ditos dos larizáns, os silenzos, as cores do campo, os probes, os ricos, as paseatas.

E sempre un abraio que fica lonxe dos berros e as paifocadas. Estamos, pola contra, perto do mundo da libre necesidade creadora e trasformadora. As cousas teñen consistencia de si e acenan dende o seu mundo privado. Sin perdere a súa siñificación cotián, ganan na frase de Ánxel Fole, siñificación trascendente e son, cecais, o elemento máis definidor das narraciós. Eiquí os zocos son zocos e sirven pra gardar os pés no traballo e apartalos da iauga dos camiños. Se fan bruído é porque baten nos penedos e non teñen máis remedio, que por chiste non se usan. O pan de centeo é pan de centeo e o augardente bébese ás pingas porque gusta e fai quecer, non porque ninguén seña "Peito-de-lobo" ou "Quen-me-dé-un-pau-doulle-un-peso".

Isto viu e ouviu —fóra e dentro de si— Ánxel Fole. No mundo indistinto e tras —persoal que aproveita calisquera lusco-fusco pra facer mostras, como nun aquel de ire decir algo incomprensíbel. Logo, o escritor, sinxelamente, doulle forma e alumeouno ca chispa que nasce de esnafrar a vida na vida, non de cotexar unhas ideas co sumulacro vital que se chama un modelo. (Teñamos isto ben presente: hoxe os homes de cencia, isto é, os homes de coñecemento sintetizador e universal,

comenzan a ter reparo da tipificación. *Empézase a desconfiar da validez, cativa validez, dos* tipos. *A vida, sempre revolta e sempre imprevista, fuxe rapidamente dises esquemas fríos e ríxidos dos que, noutro tempo, tantas boas colleitas se agardaban. As causas diste fracaso e o desenrolo do seu proceso histórico quedan aquí fóra de lugar. Pro dá tristura asistir cada día ó nacemento con retraso de obras literarias* típicas *que soan como gaitas desafinadas e quedan ó marxe da sensibilidade do noso tempo). En cambio, si meditamos o contido de* Terra brava, *si facemos repaso en conxunto das narracións, axiña nos decatamos que hai nelas como unha constante que camiña a carón de cada sucedo. Como un fío que dá unidade ó libro. Non se trata de monotonía, de estreitura na óptica, senón de asolagamento no mundo profundo e delgadiño da vida. Fole non "constrúe" tipos. Non fai máis que narrar. Ás vegadas —sempre— carga as súas preocupacións —eu diría as súas teimas—, sobor dos aconteceres. Entón a realidade é Fole mesmo —Fole, o aldeán—, e o conto, no que ele rabuña unha turba imaxe non ben comprendida, vén sendo o vieiro intuitivo e ourentador do seu propio probrema humán.*

¿Interésanos iso a nós, leitores despreocupados? Coido que sí. Acabo de decilo: Fole, o aldeán. Ele, un de tantos, un como os outros e, por iso mesmo, unha parte esencial do noso mundo galego. É exempro, *non* tipo. *Se fora tipo non formigarían nele as inquedanzas. O tipo é unha realidade amputada, sen pálpito, unha realidade acadada por abstraición. O exempro —nas boas e nas malas— é unha realidade viva que se afirma, xustamente, pola súa cambiante presenza humán, pola súa eisistencia contradictoria ós tombos cos demais nas impurezas e nas virtudes. O tipificado, alá na outura racioal, non cría conflitos. O exempro, acó na terra esnaquizada, está a deitar a cotío barullos e liortas. E tamén belezas.*

O que non impide que istes contos de Terra brava *señan de aparencia simpre e primaria. Porque a Galicia de Fole, a súa Galicia, tamén é simpre a primaria. Mais cómpre non trabucar as verbas. Eiquí simpre oponse a compricado i está cabo de*

comprexo. Como primario reñe con elaborado e, no seu ser, está a carón de tradicioal e antigo. Fole non trabuca ises conceitos: e velaí o primeiro segredo de Fole.

Por outra banda, istes contos —na súa maior parte— son un continuo peto do trasmundo, un forte e inesperado peto no caserón semi-baldeiro da vida cotián. Ocurre que o autor foi acadando a movíbel sustancia dos sucedos pra metela na terna urdime do esprito campesiño, como brando mel atafegado nos simpres buratos da entena.

—"Velaí tendes o asunto". "Ocurriume a min". "Foi diste xeito". "Pensei morrer de medo".

E ren máis. Ou seña, que non hai esforzo dialéitico pra turra do leitor, pra metelo no miolo da narración e facer dele unha especie de responsábel involutario do que alí acontece. É fácil decir entón que non hai psicoloxía, cando percisamente se respeta a psicoloxía, cando se lle deixa campo e vagar pra que se espalle na intimidade de cada un. O que pasa é que os contos de Fole son contos sin requintes, contos direitos, liñales, tan craramente liñales como un laberinto e, como ele, cheos de sorpresas. Búscase eiquí, por riba de tudo, o estremecementos en relampo, o sí e non do marabilloso, o intre estético do segundo inespricabre, a guiñada fuxidía do callafrío.

Hai libros sin entena, nos que o relato escorrega a carón do leitor e nos que se nota como un esforzo pra levar ó ánimo máis que unha emoción, *un* convencemento. *Cando tal acontece, prodúcese iso que se chama* tremendismo. *O tremendismo non depende tanto da negrura dos argumentos como do empeño do escritor en inundar a ialma leitora da sobreabundancia dos feitos estranos, arrepiantes ou simpresmente noxentos. De aí as dúas notas que, ó meu xuício, o dibuxan: proceder por acumulación vizosa de feitos i enxergamento dises feitos mediante a escrusiva do cálculo. Esceso sempre. Esceso que disimula unha incapacidade. O tremendismo é un luxo probe que remata, sen máis, nunha mera custión de procedemento, de oficio inteleitoal, i esquece o método da verdadeira creación artística. Por iso se ve nele, con tanta evidencia, o estudo, o traba-*

llo de gabinete e biblioteca, a deformación tencioada, os datos, os libros e as fichas.

A ialma de Europa sentiu nun momento ben determinado e pola aición de faitores ben coñecidos, a necesidade de aprofundar inteleitivamente nas pozas máis estranas e ignotas do home interior e do trasmundo. Lado con lado corrían certas veias de augas lamacentas i elas tamén foron metodicamente sondeadas. Como era de agardar, iste movemento doutrinal tivo, e ten, a súa versión estética que foi, apresurémonos a deixalo fortemente afirmado, nobre, digna e consecoente. Joyce, Lawrence, Sartre e poucos máis están agardando a consideración crarificadora que os liberte, dende a perspeitiva histórica e cultural, dos aldraxes miopes das seitas con programa. Como en Lautréamont, como en Kafka, a obra tiña raigaña e tradición: Miller, o Miller en The Rosy Crucifixion *liga direitamente co Sade das* 120 Journées de Sodome. *O tremendismo —imaxe local e tonta— quedou en tristeira caricatura daquela tendencia, sen asentamento, sen base inteleitoal, simpre e parva reviravolta de escritores con alma de bausáns. É doado chamarlle a iso tremendismo. Eu propoñería, millor aínda, o vocablo* tremebundismo, *para acentuar a parte que na verba ten o* undus, *a fartura e o esceso, cravados, como unha bolboreta, no sufixo abundancial dos gramáticos. (Isto non quer dicir que haxa temas "tremendos", temas "intocables". Xamais os houbo. O que eiquí se postula como non viable é a téinica* tremebundista *de tratalos).*

O grande escritor no percisa de eisaxeración. As eisaxeracións indican pouca imaxinación creadora e suplen a falla de contaito cordial co xogo disimulado da intelixencia. O pulo pra brincar da realidade dada á realidade re-creada é como froito, algo fatal, inevitábel. Algo que xurde reposeiro no esprito do que escribe —refírome sempre, craro está, ó que renova, non ó que sigue diadamente unha tendencia— e vai tomando corpo de seu, por necesidade, sin figura aprenhensíbel. De aí que Terra brava, *libro da pantasmas, de ciumes, de premoniciós, de crimes e de difuntos non sexa un libro tremebundista e deixe en nós, ó findar a leitura, co relembro dos lances, os agoiros e as*

conversas, un vago sentimento apacíbel e ledamente irónico. A situación de ánimo, o tempero, non é contraditorio. Unha profunda lóxica traba isa reaición. É o tempo galego trasportado a nós memos. Escríbese creadoramente cando se des-cribe *agudamente. Iso fai Fole. Velaí o seu segredo segundo.*

Contos simpres e primarios, contos de aparente cativeira textura psicolóxica, contos inocentes como fábulas de pouco folgo. Eu vou agora a lembrar dous sucedos sin trascendencia.

Un home, na súa barca, vai río abaixo. Anoitece. A serán, calma e morna, invita ó descanso. O home bota a áncora e decide folgar un bocado. Cando se dispón a seguire, o ferro non obedece ós tirós do barqueiro. E veñen as sombras. Faise máis pecha a soedade. As orelas, lonxanas e denfendidas por xuncos, son impraiticábeles. Xurde a brétema que o envolve tudo. Con ela, o medo, o medo inaturábel, constante, esgotador, patolóxico. Eisí, nisa anguria, vendo pantasmas a cada intre, transcurre a noite. Co abrente, recomenza o tráfego no gran río. E xa, con varios homes a turrar de cadea, sae, por fin, mainamente, a áncora, que trae, engaratiñado, o cadavre dunha vella con unha pedra ó pescozo. Eiquí fina o relato. Ren máis. En cinco páxinas, nun narrar sobrio en pirmeira persoa, queda composto un conto ademirábel que é un prodixio de forza tremecente e comunicativa. O conto, "Sur l'eau". O autor, Guy de Maupassant.

Escoitade aínda. Un cadelo sarnoso vai pola rúa. É un can noxento, traballado pola fame, afeito ás pedradas e ás bulras crueles dos borrachos, un dises cans que camiñan sempre a rentes dos muros e teñen medo hastra dos nenos. Pro un día, certo home, un langrán sin oficio nin beneficio, ó pasar, faille festas. O animal párase desconfiado. O home insiste e insiste. Tanto, que o cadelo remata por se entregar ó inédito agarimo. E de pronto, no millor do idilio, o home nunha tola virazón do humor, con carraxe furibunda, sóltalle un couce. Nun lóstrego vense os ollos asombrados e cándidos do cadelo que fuxe, zongando, rúa abaixo. Eisí acaba o conto. ¡Que pouca cousa, que pequerrecha e intrascendente cousa! Pois con ises elementos, soio con ises, foi escrito un relato conmovedor —que non tremebundista—, xoia inestimábel

no tesouro de Andreiev. Un relato que morde no curazón como unha serpe de tristura e de desespero.

Contos simpres. Contos primarios. Contos sempre repetidos. Sí. Mais tamén contos nos que as psicoloxías obedecen á gravidade ou á gracia interna do sucedo e isto é o difícil. A fidelidade ás imposicións do autor é imprescindíbel, mais non debe verse, non debe sinalarse, ten de quedar fóra ou, millor, por riba da rede dos acontecementos, lixeira e sin peso, como unha boia que sinala o camiño e non é o camiño mesmo. O literato está obrigado a domear o conto, mais non a afogalo a poder de artificio. Difícil equilibrio entre a forza aituante e o pulo oculto que a move. Laboura de renunciación facendo un écart *—que é como unha reverencia— dende dentro do sucedo pra que nele se instale o leitor con folgura e comodidade. A partir dise intre pódese decir que a narración está ambientada. Logo, xa é cousa de cada un o análisis, o desdobramento do proceso, a vivencia dos persoaxes. Eisí vaise seguindo o vieiro marcado, nada máis que marcado, polo autor e, dise xeito, cada un de nós, sin se decatare, vén sendo unha prolongación viva do sucedo escrito, algo así como a derradeira victoria de enerxía sofrenada do literato que alá quedou nas páxinas do libro e que agora espállase, agromadora, noutra concencia acompañante. A partir diste intre pódese decir que a narración ten autenticidade.*

O artista continuando a súa obra na cabeza do leitor. Velaí o terceiro segredo de Ánxel Fole.

O ARTE DA LERIA

Ás vegadas, as criaturas de Terra brava, *elas, pola súa conta, teorizan. O diálogo é vivo, elíptico, audaz, tímido. Ouservade: interesa tanto ou máis que o que nele se afirma —con ser sempre tan suxeridor e tan valisoso— a maneira peculiar de afirmalo. Dito doutro modo: o importante é o substrato espritoal e vital dos conversadores. O contido divagador é unha fermosa, barroca cobertura. Por embaixo anda o home, o home* radical *que está a fa-*

cer o parladoiro chisco a chisco, con arte de estratexia repousada, e xa entra no tema e dá pulos dialéiticos e xa ten guinces i esquecementos tencioados; e agora crea silenzos nos que se atrapa a ollada de esguello para o contrincante e logo estala nun esforzo da memoria con relembros inusitados. E tudo sen présas, nin arrautadas, dibuxando o desenrolo das frases como si foran ponla dun arbre vello e reverdecido que conta co tempo ó seu lado. O tempo, canle do diálogo e, de paso, interlocutor mudo, creador sin vos das razós definitivas, residente máisimo nas palras galegas, decote trascendendo ó tema que as fai nascer.

Non se trata de falar sin senso, de falar para a feira. Trátase da conversa na que prima, tanto como o rigor ideatorio, o rigor formal entendido á nosa maneira, e na que se crea, sin propósito conscente, unha pequena obra de arte. Que está máis acá ou máis alá da disputa con unhas razós aponéndose loxicamente a outras razós e na que nada desbota a paixón ou a raiba. Non se trata de argumentos decisivos. Ista pequena obra de arte de todos os días —mestres: os paisanos— ten, en galego, verba propia. Chámase leria. Na leria a elipse que traza o percorrido dos razoamentos constitúe o elemento esencial. E canto máis ampla seña, millor é a leria. Hai labregos que falando en leria e de vagar son dunha elegancia estraordinaria, unha elegancia que vén de moi lonxe e ten a cor antiga e a curva airosa do ouro dun torques. Por iso a leria, que é un conxunto, non se pode tronzar en anacos independentes sen que perda o senso e a virtude, e por iso na leria o convencemento do que escoita non se produz niste ou naquele istante, senón ó final de tudo, cando remata a frase derradeira e se deixa espazo pro tempo de calar. Porque se asiste, entón, ó despregamento e contempración dunha estruitura e ninguén pode xulgar dela se non se ve na súa totalidade e como tal totalidade. No fundo, cecais, outro gusto barroco.

Hai ocasiós nas que os nosos escritores, confundindo as cousas, pretenden facer lerias de calquera xeito, sen liña intelixíbel, sen fundamento, nin desenrolo doado, aguilloando os propósitos ca picalla do pintoresquismo. As resultas son tristeiras: unha va-

ciedade, ou unha manchea de "ocurrencias", de "saídas", pra facer rir ós dormintes do país. Eiquí, en Terra brava, *hai diálogos que son modelos perfeitos de boas lerias galegas, cheas de elegancia espontánea e lentor ben medido. Tales as de O fidalgo de Engroba e Cilistro, e Gasparo. Lerias sen gargalladas fáceis, lerias penduradas dunhas leises e unhas eisixencias estéticas moi refinadas. De aí que a min parézame un acerto plenísimo de Fole o misturar, no tecer dos contos e as aventuras, isas divagaciós que, en ollada superficial, pódese antoxar inxustificadas, pro que, si as consideramos dende o meu ver, forman un elemento imprescindíbel do libro, un elemento tan real e tan galego como calisquera dos outros sucedos.*

O IDIOMA, NECESIDADE INVISÍBEL

As cousas que máis se usan, as cousas cotiáns, son, cáseque sempre, as que menos se entenden. Andamos nelas, manexamos nelas, e son tan de todos os días, que non paramos a matinar na súa persoalidade propia, na súa consistencia, no seu profundo misterio. Entón as cousas, ca forza do uso, van gastándose pouco a pouco, e cando queremos reparar nelas, xa son esqueletes esquinados sen gracia e sen sustancia. Pro acontece que de tudas elas, hai unhas, as verbas, que resultan estranas e raras creaturas. As verbas son cecais os istrumentos máis curiosamente sensibres ó roce esgotador do costume. Son seres esquisitamente agradecidos. Elas, no seu proceso, nascen, de sútaque, como novas, como distintas. Elas, obra do home e vida humán fóra do home, van aproveitando manseniñamente a enerxía rodicia da usura pra se remozare e dar fillos repoludos. E saen á lus silandeiras, elas, as tan sonoras. As verbas, tremores esceicionaes, soio se conservan gastándose. Mentras, pasamos ó seu carón sin as meditar, sin manexalas como cómpre, e sin lles prestar atención, pois pra iso son cousas como as outras cousas, cousas diarias e sofregas.

E aínda hai algo pior. Hai o nin tan siquera botar man delas. Entón as voces quedan ríxidas, tolleitas, duras e mates como

pedras xeolóxicas. Son verbas mudas, verbas sin son. Mais non abonda con recollelas pacentemente pra deixalas fixadas na fría superficie dunha ficha. As verbas son fenómenos *ós que non vale coller en isolamento e facerlles a autopsia. Hai que as entender, como din hoxe os biólogos de certas manifestaciós naturaes, "en termos dos procesos ou situaciós nas que elas tipicamente brotan". Hai que as cazar vivas, latexantes, nos seus niños, nos seus propios sonoros contextos. Pois ben, eiquí, xustamente eiquí, aparece Fole, que ten unha prosa* descubridora. *A lingoaxe espresiva do noso autor é, por modo esceicioal, un galego fluído, plástico, pupular, radicalmente popular e, con iso, sotilmente artístico, pura e finísima ledicia. Compréndese que iste idioma, recollido a carón do pobo, no intre choutante de brincar nos beizos dos de abaixo, seña, nembargantes, ou millor, por iso mesmo, perfeitamente axeitado pra mostrar e concretar estados anímicos tan esguíos como o medo ás sombras ou a ledicia da terra mollada pola chuvia do vran. Porque ise idioma foise creando e re-creando cun uso sin cesuras, ó decorrer dos séculos, e fíxose concencia da concencia dos galegos. Porque foi parido polo casorio das seituras, as colleitas, as sementeiras, as festas i os loitos ca fada dos homes en silenzo e coleitividade. Foise gastando e foise groriosamente renovando. Agora vén outro home —nista ocasión chámase Ánxel Fole— e métese na obriga de arremesalo. Non por divertimento ou afán erudito. Non. Senón porque sin ele non pode decir o que ten de decir. Porque sin ele non hai empalme de vida e obra, non hai xuntanza de contido i espresión. Porque sin ele non hai realidade humán. Esborretade a realidade humán, e alá se vai o arte.*

As verbas, entes vivos, fillas dos homes. Como eles, algo lles loce no fondo, algo que é tudo e que endexamais se acada. "O que non conquerimos, témolo", poderiamos tamén dicir eiquí. Un non sei qué que non se atingue, inda que esgotemos, hasta a eisaxeración, os posíbeles siñificados. Isa derradeira vibrazón que, ó millor, trasparece, cando menos o pensabamos, nun engarce harmonioso de vocablos vulgares. O verdadeiro escritor é mestre no oficio sotil de pescudar o tornasol-límite das voces.

Tamén eiquí, xustamente eiquí, anda Fole, que ademais dunha prosa descubridora, ten unha prosa iluminadora *e ofrece as verbas como estreliñas brilantes que sorprenden pola súa fermosura descoñecida e o seu ricaz contido alusivo.*

Por iso, conforme imos avanzando no libro, decatámonos non soio de que a adecuación da língoa ó relato é perfeita, senón que, ademais isa adecuación resulta ausolutamente orgánica e harmoniosa inda que —e isto paréceme definitivo— inda que nalgún caso concreto non seipamos o esaito valor das verbas que se nos antoxan máis espresivas. Máis que verbas iñoradas, semellan verbas esquecidas. Máis que entender, sentimos. Cando isto acontece con un idioma, o idioma está vivo. Cando isto se fai con un idioma, o home que o emprega é un artista verdadeiro.

Estamos lonxe das escolas, os estilos e as doutrinas. Estamos na beira de capas máis antigas. Estamos —outravolta, e sempre— no reino da necesidade, solemne necesidade.

Quedou dito: o idioma, necesidade invisíbel.

VIDA E LITERATURA

Temos que coidar con moito tino das afirmacións que facemos. Cómpre ver as cousas do esprito sin escesiva xeneralización. A millor metódica é sempre a da xuntanza dos contrarios na que "presión, pulo e ameaza" disolven a súa forza ó facérense datos dun proceso superior.

"Presión, pulo e ameaza" no mundo e no alén celtas, na vida, nos traballos e folganzas, como diría Fole, son facianas incompretas que o home galego afronta i alude; nun xogo dialéitico comprexo. En Terra brava *escóndese algo como a crónica farturenta dunha capa galega de vida levada en lusco-fusco, en zigzagueante contradicción ousesiva. Cada sucedo, como cada sentimento, como cada conversa, teñen dúas caras: a que se ve direitamente e a que amostra o perfil escorado. Nós aceitamos ambas a dúas e ocultamos as preferencias. Porque temos ista curtesía —figura ben europea— non lle chamemos "resiñación".*

Non xeneralicemos. Un rolo máis, e chegamos ó "fatalismo". E pasamos, por vieiro inverso, do arte a vida, meténdoa no terreo bafurento e morno onde as culturas adoecen e quedan aparvadas. Logo, os entendidos e os durmintes, tan contentes, porque eles gostan das falsas universidades, das compinchadas da Literatura pra rebaixar o respeto da Vida.

Eu quixera, para a miña terra, un Arte con raigaña e pureza simultáneas. Un Arte con ilusiós e con erros. Os dos iñorantes e despertos. O dos "anti-serios" e "anti-sensitivos". O dos "anti-desdeñosos" e "anti-formales". Como as virtudes diste libro, man amiga que, entre bulra e bulra, fainos señas entranábeles. E pídenos que entremos nunha dimensión antiga e perenne da nosa Galicia de sempre. a verdadeira, a limpa, a que se afasta, en silenzo non amudecido, da Galicia que queren convencional e moinante. Da Galicia para tudo servicio, retranqueira, ríspida, servil e pasmarota, besta de carga, sen apouso, nin dinidade. Galicia, a nosa Galicia, a outra, reviradoira, leda, abertamente apegada á terra, humorística e lírica, acena dende o libro que tes nas mas, amigo leitor. Libro de contos ben contados por un neno con enrugas de vello.

Ele é Fole, o escritor, que con unha pruma e un coaderno vai facendo uns garabatiños rebirichados nos que se espalla o perfil solemne da terra. Ista terra, ista pouca cousa, iste cáseque nada —¿non é verdade, entendidos? ¿non é verdade, durmintes?— que a nós que non somos nin entendidos nin durmintes, dános ilusiós e anímanos, por amor dela, a trabucarnos con tudo o curazón.

Pintura verdadeira. Retrato calcadiño. E como nada hai que alporice e faga tanta carraxe como unha realidade froreci-da en arte, é polo que eu agora, no remate, pido disculpa. Disculpa por Galicia que é como é, e atrévese a se mostrare, con sinxeleza rica e farturenta, nista obra esplendida de Ánxel Fole.

D. GARCÍA-SABELL
Santiago, outono, 1955

TERRA BRAVA